

**Primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso na escala de museos do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B)**

**PROPOSTA B**

**1) Na Lei 8/95, os bens industriais considéranse:**

- a) Os que son restos do período preindustrial galego
- b) Os que son restos do período da mecanización e industrialización do territorio galego
- c) Os que son restos físicos do pasado tecnolóxico, productivo e industrial galego
- d) Os que son restos físicos do período da automatización galego

**2) Cal dos seguintes elementos non é un contaminante principal do aire?**

- a) Metabisulfito de Kelvin
- b) Óxido de xofre
- c) Ozono
- d) Sulfitos de hidróxeno

**3) Fronte á nova museoloxía xorde outra corrente que ve ao museo como comunidade de aprendizaxe, como elemento social e democrático, é a chamada:**

- a) Museoloxía do enfoque
- b) Museoloxía crítica
- c) Museoloxía do punto de vista
- d) Museoloxía aplicada

**4) O Museo Massó, en Bueu, é de titularidade:**

- a) Privada, dunha sociedade
- b) Municipal
- c) Autonómica
- d) Estatal

**5) Segundo ao artigo 141.1 da Constitución Española, calquera alteración dos límites provinciais:**

- a) Deberá ser aprobada mediante lei ordinaria.
- b) Deberá ser aprobada polas Cortes Xerais mediante lei orgánica.
- c) Deberá ser aprobada polas Cortes Xerais mediante a correspondente lei de bases.
- d) Ningunha resposta é correcta.

**6) Cal é o formato recomendado para as imaxes dixitais de arquivo das pezas da colección segundo o ICOM?**

- a) JPEG
- b) TIFF
- c) PDF
- d) RAW



**7) Con carácter excepcional, a Xunta de Galicia, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, poderá conceder anticipos de Tesourería para atender gastos inaprazables co límite máximo en cada exercicio do:**

- a) 2 % dos créditos autorizados pola Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade.
- b) 4 % dos créditos autorizados pola Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade.
- c) 3% dos créditos autorizados pola Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade.
- d) 5 % dos créditos autorizados pola Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade.

**8) Que recomenda a obra *Cómo administrar un museo: Manual práctico* do ICOM para o caso de que o museo sexa depositario de vestixios exhumados co motivo dunha escavación?**

- a) A asignación dun número *currens* independente para cada vestixio, aínda que non se retome no sistema de identificación adoptado in situ ao comezo da escavación.
- b) A discusión co autor do descubrimento da posibilidade de rexistralos cun mesmo número.
- c) A conveniencia de asignar un número de rexistro paralelo ata a asignación definitiva.
- d) Non recomenda nada do devandito.

**9) Os metais procedentes directamente de escavacións arqueolóxicas requiren unha humidade relativa:**

- a) Do 100% antes de ser tratados
- b) Do 60%
- c) Por debaixo do 45%
- d) Non lles afecta a humidade relativa

**10) A nova museoloxía propón cambios fundamentais na concepción do museo, o público tradicional é substituído por:**

- a) Os visitantes
- b) A comunidade
- c) Os consumidores
- d) Os asistentes

**11) Segundo a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ¿cómo se denomina o contrato que ten por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles?**

- a) Contrato de xestión de servizos públicos.
- b) Contrato de concesión de obras públicas.
- c) Contrato de subministro.
- d) Contrato de servizos.

**12) A infraestrutura que aporta as claves interpretativas dunha manifestación cultural a todo tipo de público denomínase:**

- a) Centro de interpretación
- b) Ecomuseo
- c) Aula de natureza
- d) Parque etnográfico

**13) De acordo co artigo 50 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, ¿a quen lle corresponde determinar con carácter xeral as estruturas básicas dos orzamentos e demais estados financeiros correspondentes ás sociedades públicas da Comunidade?**

- a) Ao Consello da Xunta.
- b) Á Consellería de Economía e Facenda.
- c) Aos órganos rectores das sociedades.
- d) Aos órganos que dispoñan as súas normas fundacionais.

**14) Nos anos 90 do século XX impónse un sistema de embalaxe de invención española que se denomina:**

- a) De compresión
- b) Ao baleiro
- c) De suspensión
- d) En tensión

**15) Segundo o artigo 153 da Constitución Española, o control económico e orzamentario correspondente á actividade dos órganos das Comunidades Autónomas exercerase por:**

- a) O Tribunal Constitucional.
- b) O Goberno.
- c) O Congreso dos Deputados.
- d) O Tribunal de Contas.

**16) Os servizos de mantemento dun museo son coordinados por:**

- a) A dirección
- b) A subdirección
- c) A área de administración
- d) A área de difusión

**17) O Museo Provincial do Mar en Cervo ten como orixe a colección particular de:**

- a) Olimpio Liste
- b) Carlos Martínez Barbeito
- c) Francisco M. Rivera Casás
- d) Álvaro Gil Varela

**18) Segundo o artigo 75 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ¿cal é a resposta correcta en relación co pagamento do prezo dos contratos?**

- a) Prohíbese o pagamento aprazado do prezo nos contratos das Administracións Públicas, agás nos supostos nos que o sistema de pagamento se estableza mediante a modalidade de arrendamento financeiro ou arrendamento con opción de compra.
- b) Como norma xeral permítese o pagamento aprazado do prezo nos contratos das Administracións Públicas, agás nos casos nos que a lei o prohiba expresamente.
- c) Permítese o pagamento aprazado do prezo nos contratos das Administracións Públicas, agás nos supostos nos que o sistema de pagamento se estableza mediante a modalidade de arrendamento financeiro ou arrendamento con opción de compra.
- d) Prohíbese o pagamento aprazado do prezo nos contratos das Administracións Públicas, en todo caso.

**19) Consonte á Normalización Documental de Museos do Ministerio de Cultura, cal das seguintes siglas antecederá á numeración *currens* segundo a forma de ingreso?:**

- a) CE
- b) DE
- c) DO
- d) Todas son válidas

**20) A forma de ingreso denominada usucapión implica que os bens:**

- a) Pasen á colección estable do museo
- b) Pasen aos depósitos de terceiros
- c) Pasen aos depósitos da administración titular
- d) Son depósitos non rexistrables

**21) Segundo o artigo 44 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, nos procedementos iniciados de oficio, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa, produce os seguintes efectos:**

- a) Nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras producirase a caducidade.
- b) No caso de procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento de dereitos, os interesados poderán entender estimadas as súas pretensións por silencio administrativo.
- c) Nos procedementos en que a Administración exercite potestades de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.
- d) No caso de procedementos dos que puidese derivarse a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas individualizadas, producirase a caducidade.

**22) Durante a manipulación de fondos dun museo, que factores son os de máis alto risco?**

- a) Os cambios de temperatura e humidade
- b) Os niveis de ultravioletas e infravermellos
- c) As vibracións e impactos
- d) O ataque de xilófagos e o po

**23) Sinale que característica é correcta no calvario de Santo Antoño de Toques:**

- a) O Cristo non flexiona os xeonllos
- b) O fondo posúe unha visión de Xerusalén
- c) A virxe agarra coas dúas mans o cabelo
- d) San Xoán está calzado

**24) Segundo o RD 620/1987, a área de conservación e investigación abranguerá as funcións de:**

- a) Identificación, control científico, preservación e tratamento dos fondos do museo e de seguimento da acción cultural do mesmo.
- b) Identificación, control, preservación e tratamento dos fondos do museo.
- c) Identificación, control científico, preservación, tratamento e difusión dos fondos do museo.
- d) Identificación, control científico e custodia dos fondos do museo.

**25) No plan museolóxico, o diagnóstico dos recursos humanos do museo realízase na fase de:**

- a) Presentación conceptual
- b) Programa de recurso humanos
- c) Análise e avaliación
- d) Execución do proxecto expositivo

**26) O sistema de almacenamento aconsellable para o téxtil plano de grandes dimensións é:**

- a) Peites extraíbles
- b) Planeiros
- c) Rulos suspendidos horizontalmente
- d) Estantes

**27) O deseño dos soportes expositivos realízase no:**

- a) Proxecto arquitectónico
- b) Anteprojecto expositivo
- c) Proxecto expositivo
- d) Programa de exposicións

**28) Consonte ao modelo das *Instruccións de 1942*, no libro de rexistro de entrada de obxectos en propiedade no museo non figurará o apartado:**

- a) Data do ingreso
- b) Localización topográfica
- c) Forma de adquisición
- d) Observacións

**29) As iniciativas de museos etnolóxicos vinculadas á nova museoloxía deberán garantir:**

- a) A participación da comunidade
- b) O incremento da comunidade
- c) O desenvolvemento sostible da comunidade
- d) A toma de conciencia da comunidade

**30) A traña é unha arte de pesca:**

- a) De arrastre
- b) De fondo
- c) Non é unha arte de pesca
- d) De cerco

**31) Segundo o artigo 213 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (versión consolidada), os membros da Comisión exercerán as súas funcións:**

- a) Dependendo do Consello.
- b) Consonte ás instruccións que reciban do Parlamento.
- c) De acordo coas instruccións que cada un reciba do Estado que representan.
- d) Con absoluta independencia e en interese xeral da Comunidade.

**32) O fulleiro é unha peza vinculada a:**

- a) Os culeiros
- b) Os carros
- c) As barcas
- d) O lume

**33) Segundo o artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, entre as causas de abstención nun procedemento figura:**

- a) Ter amizade ou inimidade con algunha persoa interesada directamente no asunto.
- b) Ter parentesco de consanguinidade de quinto grao con calquera dos interesados no procedemento.
- c) Ter prestado servizos profesionais a persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, nos cinco últimos anos.
- d) Ter parentesco de afinidade dentro do segundo grao cos administradores de entidades ou sociedades interesadas.

**34) Que obra é referente para os estudos antropolóxicos en Galicia?**

- a) *Cuadernos de Estudios Gallegos*
- b) *Boletín da Real Academia Galega*
- c) *Antropología Cultural de Galicia*, de Carmelo Lisón
- d) *Etnografía galega. Cultura espiritual*, de Xesús Taboada Chívite

**35) O axofrado realízase na vide para:**

- a) Acurtar as follas
- b) Airear a terra
- c) Combater o *oidium*
- d) Abonar a terra

**36) Segundo o artigo 223 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (versión consolidada), o Presidente do Tribunal de Xustiza é elixido por:**

- a) O Parlamento Europeo, de entre os xuíces.
- b) O Consello, a proposta dos estados membros.
- c) Os estados membros por unanimidade.
- d) Os xuíces, de entre eles.

**37) O biturón ou boitirón é un aparello para:**

- a) Pescar sardiñas
- b) A pesca marítima
- c) A pesca fluvial
- d) A pesca de cerco

**38) Que un museo etnolóxico realice unha patrimonialización ampla implica que:**

- a) Incremente a súa colección
- b) Amplíe o edificio
- c) Asocie musealización con planificación territorial
- d) Realice actividades no exterior

**39) As cabezas humanas cuadrifrontes da cultura castrexa relaciónanse con:**

- a) A fertilidade
- b) Os guerreiros
- c) Os Lares Vialis
- d) A decoración arquitectónica

**40) O tema do estudo de Ángel del Castillo de 1914 foi sobre a cultura material de:**

- a) As pallozas do Cebreiro
- b) Os carros
- c) Os cruceiros
- d) As embarcacións

**41) Os materiais e documentación arqueolóxica depositados nun museo quedan a disposición de:**

- a) O equipo participante na actuación
- b) O persoal do museo
- c) O público en xeral
- d) Os investigadores acreditados

**42) Segundo o artigo 14 do Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, o período de proba para os traballadores das categorías incluídas nos grupos I e II será de:**

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.
- d) Catro meses.

**43) Os almacéns de corentena deben estar:**

- a) Noutro edificio
- b) Dentro dos almacéns xerais
- c) Illados da circulación xeral do aire
- d) Accesibles desde os espazos de exposición

**44) Segundo a Lei 16/1985, os Bens de Interese Cultural custodiados en museos de titularidade estatal requiren para a súa saída:**

- a) Autorización da dirección exclusivamente
- b) Unha Orde Ministerial
- c) Un Real Decreto
- d) Autorización do persoal técnico

**45) Como se recomenda presentar a información nunha exposición numismática:**

- a) Concentrada
- b) Parcial
- c) Paralela
- d) Mixta

**46) De acordo co artigo 87 da Constitución Española, quen ten recoñecida constitucionalmente a iniciativa legislativa?**

- a) O Goberno, as Cortes Xerais e as asembleas legislativas das Comunidades Autónomas.
- b) O Goberno, o Congreso e o Senado.
- c) O Goberno, o Congreso, o Senado, as asembleas das Comunidades Autónomas e o pobo.
- d) Ningunha resposta é correcta.

**47) Segundo o Decreto 199/1997, os bens materiais procedentes de actuacións arqueolóxicas autorizadas depositaranse:**

- a) Nunha universidade
- b) No centro que determine o director da actuación
- c) No museo que a Administración designe na autorización
- d) No museo máis próximo á actuación

- 48) Quen se anticipou a idea do museo virtual ao falar dun *museo imaxinario*:**
- a) Le Corbusier
  - b) Paul Valery
  - c) Charles Baudelaire
  - d) André Malraux
- 49) “Natalis Solis Invicti” é unha festa pagá antecedente de:**
- a) O Nadal
  - b) San Xoán
  - c) Os Magostos
  - d) Os Maíos
- 50) Segundo a regulación prevista no Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, ¿cal é o sistema normal de provisión dos postos de traballo vacantes adscritos ao persoal funcionario?**
- a) Concurso-oposición.
  - b) Concurso.
  - c) Oposición.
  - d) Libre designación.
- 51) A escultura de San Antonio do retablo maior do Convento de Herbón é obra de:**
- a) José Gambino
  - b) Benito Silveira
  - c) Francisco de Lens
  - d) Mateo de Prado
- 52) Os peliqueiros son específicos de:**
- a) Xinzo
  - b) Manzaneda
  - c) Laza
  - d) Viana do Bolo
- 53) A Lei 16/1985 establece que a exportación de bens integrantes do Patrimonio Histórico Español require:**
- a) Autorización da Administración do Estado ou, subsidiariamente, da Administración Autonómica onde o ben estea radicado.
  - b) Autorización expresa e previa da Administración do Estado
  - c) Autorización da Administración xestora do ben
  - d) Non ten requisitos
- 54) Respecto das Entidades Públicas Empresariais reguladas na Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, cal das seguintes afirmacións é incorrecta?**
- a) As Entidades Públicas Empresariais son organismos públicos aos que se lles encomenda a realización de actividades prestacionais, a xestión de servizos ou a produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación.
  - b) Con carácter xeral réxense polo dereito privado.
  - c) A súa creación efectuarase por Real Decreto.
  - d) Como norma xeral, as reclamacións previas á vía xudicial civil serán resoltas polo seu órgano máximo.

**55) Cal dos seguintes autores definiu o *ecomuseo* como un espello da comunidade, postulando a necesidade de que a conservación das coleccións sexa *in situ* para manter a identidade territorial:**

- a) G. H. Rivière
- b) PH. Weiss
- c) K. Hudson
- d) R. Bodei

**56) De acordo co artigo 45 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Parlamento pode esixir a responsabilidade política da Xunta e o seu Presidente mediante:**

- a) A adopción por maioría absoluta da moción de censura.
- b) A adopción por maioría simple da moción de censura.
- c) A adopción por maioría de dous terzos da moción de censura.
- d) A adopción por maioría de tres quintos da moción de censura.

**57) Segundo Decreto 199/1997, a musealización dun xacemento arqueolóxico clasifícase, dentro das actuacións arqueolóxicas, como:**

- a) Actuación preventiva
- b) Actuación de rescate
- c) Actuación de conservación e revalorización
- d) Actuación de investigación

**58) Segundo o artigo 15 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Presidente da Xunta de Galicia será elixido por:**

- a) O Consello da Xunta de entre os seus membros.
- b) O Parlamento galego de entre os seus membros.
- c) O Rei de entre os membros do Parlamento galego.
- d) O Rei de entre os membros do Consello da Xunta.

**59) Os principios que deben indicar como desenvolver a tarefa didáctica nos museos son:**

- a) Os relativos ao público
- b) Os relativos ao público e aos educadores
- c) Os relativos ao público, á mensaxe e contexto expositivo e aos educadores
- d) Os relativos á mensaxe expositiva, aos educadores e ao custo.

**60) A Lei 8/1995 establece no artigo 72 que os museos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia contarán con:**

- a) Dous libros de inscrición
- b) Dous libros de inscrición e un inventario
- c) Un libro de inscrición, un inventario e un catálogo
- d) Os instrumentos necesarios para o control dos seus fondos

**61) Sinale cal das seguintes materias non é unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a regulación prevista no Estatuto de Autonomía de Galicia:**

- a) Caza.
- b) Augas minerais e termiais.
- c) Artesanía.
- d) Vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego.

**62) Cal das opcións suxeridas complementa correctamente o seguinte enunciado: “As imaxes de Xesús Cristo crucificado que existen en Galicia de entre finais do século XII e principios do XIII representan a un”:**

- a) Cristo morto con sinais de sufrimento corporal
- b) Cristo morto sen sinais de sufrimento corporal
- c) Cristo vivo con sinais de sufrimento corporal
- d) Cristo vivo sen sinais de sufrimento corporal

**63) Os motivos da louza estampada do XIX transfírense á peza:**

- a) Mediante unha tela fina
- b) Mediante prensado
- c) Superpoñendo cocciós
- d) Mediante un papel de palla de arroz

**64) Cal destes pintores non se encadra no grupo “Os novos”?**

- a) Carlos Maside
- b) Manuel Colmeiro
- c) Arturo Souto
- d) Xesús Rodríguez Corredoira

**65) O poboado industrial de Fontao, Vila de Cruces, Pontevedra, rehabilitado e posto en valor vincúlase con:**

- a) Unha mina de wólfam
- b) Unha serraría
- c) Unha central eléctrica
- d) Unha metalurxia

**66) O diámetro conservado dunha moeda denomínase:**

- a) Lei
- b) Tipo
- c) Módulo
- d) Figura

**67) A fórmula V S L M corresponde a inscricións:**

- a) Funerarias
- b) Honoríficas
- c) Xurídicas
- d) Votivas

**68) A posición de caños nunha moeda refírese:**

- a) Á posición da lenda
- b) Á relación entre anverso e reverso
- c) Ao desgaste que presenta
- d) Á ceca que emite

**69) Os principais achados de ourivaría no Bronce Final proceden de:**

- a) Rexistros funerarios
- b) Asentamentos
- c) Ocultacións
- d) Espacios rituais

**70) O abandeirado da abstracción xeométrica en Galicia a comezos da década de 1970 foi:**

- a) Antón Goyanes
- b) Reimundo Patiño
- c) Luis Caruncho
- d) Manuel Mampaso

**71) Dentro da serie de Vistas Fantásticas da Real Fábrica de Sargadelos destaca o modelo:**

- a) Chinoseries
- b) Vistas de Cuba
- c) Góndola
- d) Veteado

**72) De conformidade co artigo 50 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, o réxime de control financeiro dos organismos autónomos:**

- a) Será o establecido pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- b) Será o establecido pola Lei Xeral Orzamentaria.
- c) Será o establecido para cada un deles pola norma funcional.
- d) Será o establecido pola Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.

**73) Consonte ao artigo 57.5 da Constitución Española, calquera dúbida de feito na orde de sucesión á Coroa, resolverase:**

- a) Polo Senado.
- b) Polo Tribunal Constitucional.
- c) Polo Consello de Estado.
- d) Por unha lei orgánica.

**74) A maior parte dos restos da escultura pétreo galaicorromana son:**

- a) Esculturas de vulto redondo
- b) Estelas funerarias
- c) Monolitos
- d) Sarcófagos

**75) O granulado e a filigrana introdúcense na ourivaría castrexa por influencias:**

- a) Hallstáticas
- b) Autóctonas
- c) Orientalizantes
- d) Non se empregan estas técnicas de decoración

**76) O artista de maior influencia na escultura galega do s. XVII é:**

- a) Pedro del Valle
- b) Brais do Pereiro
- c) Francisco de Castro Canseco
- d) Gregorio Fernández

**77) A delegación legislativa do Parlamento en favor da Xunta deberá outorgarse, segundo o artigo 53 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia:**

- a) Mediante unha lei orgánica.
- b) Mediante unha lei de bases cando se trate de refundir varios textos legais nun so.
- c) Mediante unha lei ordinaria cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados.
- d) Mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados.

**78) En cal das seguintes técnicas de estampación non se realiza un labor de gravado na matriz?**

- a) Punta seca
- b) Augaforte
- c) Xilografía
- d) Litografía

**79) Segundo a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, a creación dun museo ou colección visitable farase:**

- a) Por acordo do Consello da Cultura Galega
- b) Por Orde Ministerial
- c) Por acordo do Consello da Xunta
- d) Por Lei

**80) Se o alleamento ou venda dun ben declarado ou catalogado non se notifica á Consellería de Cultura, segundo a Lei 8/1995, a Xunta de Galicia poderá:**

- a) Exercer o dereito de tanteo
- b) Facelo constar no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia
- c) Exercer o dereito de retracto
- d) Non ten ningunha competencia neste caso

#### **PREGUNTAS DE RESERVA**

**81) O máis característico do Tríscele de Castromao, Celanova, Ourense é:**

- a) Que está feito en mármore
- b) Que lle falta un raio
- c) Que é calado
- d) A súa decoración

**82) A fórmula S T T L aparece en inscricións:**

- a) Xurídicas
- b) Votivas
- c) Funerarias
- d) Non existe es abreviatura

**83) Sinale cal das seguintes afirmacións é correcta en relación cos delegados de Goberno nas Comunidades Autónomas:**

- a) Serán nomeados e separados por Lei, a proposta do presidente de Goberno.
- b) Serán nomeados e separados por Orde Ministerial, a proposta do presidente de Goberno.
- c) Terán o rango de subsecretarios e a condición de alto cargo.
- d) Terán o nivel de subdirector xeral e non terán a consideración de alto cargo.